

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2025.- O Secretrario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0156

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 17 DE XANEIRO DE 2025 POLO QUE SE APROBA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA VIII EDICIÓN DO CONCURSO FOTOGRÁFICO “O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” ANO 2025

BDNS (Identif.): 796732

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/796732>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2025, polo que se aproba a ampliación do prazo de solicitudes da convocatoria e bases reguladoras da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, que pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/index>).

1. Na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 8 de novembro do 2024, acordouse aprobar as bases reguladoras e o anexo I (relativo á solicitude de participación) da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025.

2. O 20 de novembro de 2024 publicouse no BOP de Lugo o anuncio da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) relativo ao Extracto do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 8 de novembro de 2024 polo que se aproban a convocatoria e bases reguladoras da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025.

Como o extracto da convocatoria e bases publicouse no BOP do 20 de novembro de 2024, o prazo de presentación de solicitudes remataba o 20 de xaneiro de 2025.

3. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2025 aprobou a modificación da Base 5ª da Convocatoria da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, que quedaría redactada do seguinte xeito:

QUINTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Onde di:

“(…)

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses naturais, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP de Lugo do extracto da presente convocatoria e bases.

(…)”

Debe dicir:

“(…)”

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 3 meses naturais, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP de Lugo do extracto da presente convocatoria e bases.

(...)"

Polo tanto, como o extracto da convocatoria e bases publicouse no BOP do 20 de novembro de 2024, o prazo de presentación de solicitudes rematará o 20 de febreiro de 2025.

Lugo, 20 de xaneiro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0157
